



Expediente nº: 2023/C003/000004

Proposta do Servizo

Procedimento: Contratación

Asunto: Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024. Obra: **PAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS CAMIÑOS DA GÁNDARA EN FIGUEIROA E DO IGREXARIO EN LANDOI.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DO SERVIZO

Preténdese a contratación da obra de pavimentación e mellora dos camiños da Gándara en Figueiroa e do Igrexario en Landoi.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en sintonía coas súas liñas de actuación para o fomento do territorio rural galego mediante a mellora dos servizos e das condicións de vida, ven de aprobar recentemente o PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024 para a mellora da rede viaria municipal das parroquias e núcleos de poboación de carácter máis rural.

Sendo a cantidade asignada ao Concello de Cariño de 50.274,00 € (sen I.V.E.), éste decidiu actuar sobre dous camiños: o da Gándara, en Figueiroa na parroquia de A Pedra, e o do Igrexario, na parroquia de Landoi.

Cunha lonxitude total de 360 m e 540 m, respectivamente, e un ancho medio actual de 3 m en ámbolos dous casos, trátase de camiños que ademais de cumprir coas condicións deste Plan dan servizo a un importante número de vivendas e a bens protexidos entre outros.

En canto aos motivos para actuar sobre estes camiños pódense nomear os seguintes, todos eles axustados ás condicións do PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024 de AGADER:

- Trátase de camiños de titularidade municipal localizados en zona de montaña segundo a definición que resulta da medida 13 do PDR de Galicia 2014-2020 PAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS CAMIÑOS DA GÁNDARA (FIGUEIROA) E DO IGREXARIO (LANDOI).
- Non se actuou sobre eles nos últimos 5 anos
- Dan acceso a algún elemento patrimonial ou turístico catalogado (no camiño do Igrexario: Casa Reitoral de Landoi / Ficha inventario C-13, Igrexa e Cemiterio de Santiago de Landoi / Ficha inventario C-4).

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

- A actuación inclúe unidades de obra de sinalización horizontal para a mellora da seguridade viaria (sinalización dos cruces con estradas da Deputación da Coruña nos dous camiños).
- A actuación inclúe unidades de obra para a mellora da drenaxe de pluviais dos camiños (cunetas entubadas e revestidas con formigón no camiño do Igrexario en Landoi).
- O camiño conecta directamente cunha estrada da rede provincial (DP-6115 na Gándara, DP-6118 e DP6119 no Igrexario).
 - Comunica varias entidades de poboación habitadas na actualidade (Figueiroa, no camiño da Gándara; Igrexario, Meleato e A Lama, no camiño do Igrexario).

De tódalas entidades de poboación ás que dan servizo estes camiños as máis importantes son as seguintes: - Igrexario no inicio do camiño homónimo, con 1 habitante na actualidade.

- A Lama no remate do camiño do Igrexario, con 9 habitantes na actualidade.
- Meleato, entre Igrexario e A Lama, con 8 habitantes na actualidade.
- No caso do camiño da Gándara toda a poboación pertence ao núcleo único de Figueiroa, con 72 habitantes na actualidade e sen outro tipo de desglose nos datos. Aínda que o camiño da Gándara non dá servizo directo a toda a poboación do núcleo de Figueiroa, dende o Concello de Cariño estímase que actualmente residen de forma permanente entre 10 e 15 veciños nas distintas vivendas localizadas ao longo do mesmo.

Por outra banda, o pavimento asfáltico actual dos camiños a base de sucesivos regos de emulsión bituminosa con gravilla non resulta o máis axeitado para o uso que teñen. Ademais das fochas que se abren periódicamente nos camiños polo tipo de firme e o tráfico que soportan, as irregularidades superficiais propias deste tipo de pavimento asfáltico provocan que a drenaxe das augas pluviais en época de choivas non sexa todo o eficaz que debería ser, aparecendo multitude de pequenas charcas por toda a superficie dos camiños. Estas mesmas irregularidades no pavimento tamén provocan rebotes continuos na amortiguación dos vehículos, có perigo que isto implica se ademais o pavimento está mollado. Ademais destas melloras na capa de rodadura, a intervención no camiño do Igrexario tamén busca mellorar a drenaxe das augas pluviais e aumentar o ancho de calzada dispoñible mediante o entubado da cuneta da marxe.

Así pois, se ademais dos motivos de seguridade viaria temos en conta tamén que neste tipo de ambientes húmidos os pavimentos a base de regos asfálticos se deterioran con rapidez unha vez comezan a presentar danos superficiais apreciábeis,



queda totalmente xustificada a intervención plantexada sobre estes camiños para mellorar a drenaxe das pluviais e o firme actual mediante a extensión e compactación dunha nova capa de rodadura de 5 cm de espesor a base de aglomerado asfáltico en quente.

Para dar debido cumprimento a esta necesidade o Concello carece de medios propios, polo que resulta necesario acudir a medios externos que procedan á execución da mencionada obra.

O correspondiente proxecto de obra por importe de 60.831,53 €, redactado polo enxeñeiro de camiños Igor Vergara Otero, foi aprobado por Resolución de Alcaldía 140/2023, de 31/03/2023. Obra financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na contía de 51.073,99 euros (Resolución de 10/08/2023).

Constan no expediente as seguintes autorizacións sectoriais: Patrimonio Natural (21/04/2023), Patrimonio Cultural (21/08/2023), Deputación Provincial (03/05/2023), Declaración responsable Augas de Galicia (30/03/2023).

Vista a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é esencial, en cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira da mesma.

En canto á sostibilidade e estabilidade:

-Os compromisos de gastos xerados por esta contratación faránse en cumprimento do período medio de pago a provedores.

-Trátase de unha obra financeiramente sostible imputable ao capítulo de camiños veciñais e non produce ingresos de ningún tipo, considerándose unha conclusión adecuada ao impacto económico previsible para unha inversión deste tipo. Enténdese que esta inversión permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do Concello e do período medio de pago a provedores.

Cúmpre a inversión os requisitos necesarios para ser considerada financieramente sostible, e son:

*Competencia municipal.

*O Concello de Cariño está ao corrente co cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

*A inversión non supera os 10 millóns de euros nin supón un incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos.

*A súa vida útil non será nunca inferior a 10 anos.

-Para facer fronte aos gastos da presente contratación a subvención concedida por Agader é de 51.073,99 euros.

Características del contrato:

Tipo de contrato: contrato administrativo de obras (artículo 13 LCSP)
Obxecto do contrato: PAVIMENTACION E MELLORA DOS CAMIÑOS DA GÁNDARA EN FIGUEIROA E DO IGREXARIO EN LANDOI
Procedimento de contratación: aberto simplificado sumario
Tipo de tramitación: ordinaria
Código CPV: 45233200-1 traballos diversos de pavimentación
Valor estimado contrato: 50.273,99 €
Orzamento base de licitación (IVE excluído): 50.273,99 € IVE: 10.557,54 €
Orzamento base de licitación (IVE incluído): 60.831,53 €
Prazo execución: 4 meses

Dadas as características do contrato, e a necesidade de xustificar a 1ª anualidade da subvención antes do 16 de outubro do presente ano, parece que o procedemento máis adecuado é o aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria, de conformidade co artigo 159.6 da LCSP: para aqueles contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros. De conformidade, asimismo, co artigo 156.1 da LCSP no procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Trátase de un contrato administrativo de obras regulado no artigo 13 da LCSP, que ten por obxecto a execución de unha obra consistente na pavimentación de un camiño.



O artigo 99.3 da LCSP determina que sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podiéndose reservar lotes de conformidade co disposto na Disposición adicional 4ª. No caso concreto, consta no expediente informe xustificativo do redactor do proxecto, da non división en lotes.

De conformidade co artigo 29 da LCSP o prazo de duración do contrato é de 4 meses, non procedendo prórroga.

A arquitecta adscrita aos servizos técnicos.- Divina Pérez Viña